



Criterios para elixir ás familias que presentarán experimentos durante a Semana das Ciencias:

- En Ed. Infantil, todas aquelas familias interesadas poderán vir ás aulas a realizar os experimentos diante do alumnado de Infantil. Os días de presentación serán entre o 8 e o 11 de outubro. Deberedes coordinarvos co profesorado de Ed. Infantil.
- En Ed. Primaria, todas aquelas familias interesadas exporán os experimentos nas clases dos/as seus/as fillos/as o martes 16 de outubro, coordinándose co profesorado de Ed. Primaria.
- En Ed. Secundaria, os experimentos entregaranse, como tope, o día 28 de setembro. O profesorado elixirá un que será o que se presente durante todo o martes día 9 de setembro na feira de experimentos por calquera membro da familia que se considere.
- Os criterios para elixir os experimentos serán a orixinalidade, a expresión oral dos/as poñentes, o coñecemento correcto do experimento e a escenografía e visibilidade.
- Os experimentos explicaranse nun documento dixital no que apareza o nome, o fundamento científico, o procedemento e o material. Así mesmo, deberanse adxuntar fotografías do traballo feito na casa e un breve vídeo no que se vexa que o experimento sae correctamente. Todo isto nun pen-drive que deberán traer os/as fillos/as ao centro para darlle aos/ás titores/as.

Un saúdo e grazas pola vosa colaboración e interese.

O Departamento de Ciencias

